

Muiñeira El VAI (melodía a dúas voces)

CEIP PLURILINGÜE VILAR DE BARRIO

ÁREA DE MÚSICA

CURSOS: 4º, 5º, 6º de Primaria.



MATERIAL E COMPOÑENTES DO MBOOT:

- Robot: unha vez montado, non necesito ningún outro compoñente xa que so empregamos os leds de bordo e se lle mete a programación das notas.
- Ordenador para programalo
- Cable de conexión ó ordenador.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade consiste en que o alumnado, por grupos, vaia programando cada unha das partes da peza musical. Despois entre todos faremos unha segunda voz en algúns compases subindo a melodía unha terceira para que podan soar a dúo as dúas voces.

Na parte A da canción cada grupo escollerá unha cor diferente para os led, e cando se cambia á parte B programaranse todos en azul.

Esta actividade plantéxaselle ó alumnado coma un reto que ten varias fases e a medida que vai superando cada unha delas, vai acadando positivos que contribuirán a mellorar a nota de música.

Está explicado o proceso máis polo miúdo nun pdf adxunto que é o arquivo do reto tal como se plantexou na aula, integrando a actividade como unha máis dentro da área de educación musical.

OBXECTIVOS:

Relacionados coa robótica:

- Iniciarse na programación en Mblock.
- Coñecer as posibilidades que ten o Mboot sendo capaces de meterlle tantos son como necesitemos.
- Traballar a programación dos led para acadar a cor que desexemos.
- Darse conta, á hora de programar, da necesidade de pausas e esperas para poder apreciar cambios.

Relacionados coa música:

- Diferenciar as partes dunha peza musical.
- Coñecer a existencia de varias escalas e traballar con elas.
- Asimilar o concepto de intervalos e empregalo para facer unha segunda voz na canción.
- Darse conta da importancia da duración dos sons para acadar un ritmo que combinado coas notas nos dá como resultado unha melodía determinada.
- Importancia da sincronización á hora de interpretar unha peza musical.

De tipo social:

- Valorar o traballo en equipo e a necesidade de solitar ou compartir información cos demais para acadar o fin proposto axudándose uns a outros.

DIFICULTADES ATOPADAS:

- Dado que a muiñeira é rápida, tivemos que darlle a cada nota a metade do tempo que lle correspondía para duplicar a velocidade de interpretación.
- Tiveron que empregar o sistema de notación musical con letras que non é o que empregamos habitualmente. Deuselle cadro de equivalencias.
- Cando nos atopamos con notas que tiñan puntillo non temos a opción dunha duración de tempo intermedio, esto fai q en algún momento se vexa o ritmo algo alterado con respecto á canción orixinal.
- Primeiro cada grupo fixo unha parte da canción e despois a outra. Cando as quixemos xuntar, atopámonos con que a diferenza do scratch, no Mblock non podemos cortar e pegar. Isto solucionámolo creando un novo **sprite** que nos permite engadir unha **subrutina** traballada noutro arquivo. Para que o alumnado o entendera, axudámonos deste vídeotutorial:
<https://www.youtube.com/watch?v=kksURtpcWZg>
- Para que soaran ó unísono, contou poñerse de acordo todos coa duración das esperas ó remate de cada unha das partes e á hora de cambiar a cor das luces.
- Traballamos desde os ordenadores da biblioteca ó principio e cando quixemos continuar nos da aula abalar, atopámonos con dificultades por cambiar de sistema operativo, xa que non recoñecía o que estaba feito.
- Para o profesorado, a maior dificultade é poder atendelos a todos á vez porque demandan moita atención. Optei por traballalo en grupos pequenos ou coa axuda doutra profesora (no noso centro está 4º, 5º e 6º na mesma aula e isto é unha dificultade engadida)

PROPOSTAS DE MELLORA

- Intentar que os robots bailen a muiñeira.